

Medidas de apoio para as vítimas da violencia de xénero en función do sexo e a idade

*Support Measures for Victims of Gender Violence Based
on Sex and Age*



ISABEL NOVO-CORTI

Universidade da Coruña, Unidade de Investigación en Desenvolvemento Económico e Sustentabilidade Social
(EDaSS), Departamento de Economía, Facultade de Economía e Empresa, Elviña, 15071 A Coruña, España
<isabel.novo.corti@udc.gal>

LARA PICO FERNÁNDEZ

Economista de Industrias Lácteas Asturianas, S.A.
<larapf10@udc.es>

Recibido: 15/06/2019

Aceptado: 30/07/2019

Resumo

Neste traballo realízase unha análise da percepción que a cidadanía ten das medidas de apoio que existen actualmente para as vítimas da violencia de xénero a partir dos resultados dunha enquisa de elaboración propia que versou sobre dous temas principais: os lugares aos cales se dirixirán as mulleres vítimas da violencia de xénero para solicitar protección, dun lado; e, do outro, a eficacia das medidas para axudalas. A mostra da poboación empregada para o estudo foi de 248 persoas de ambos os sexos e diferentes idades. A análise revela diferenzas nas opinións dadas por homes e mulleres e segundo os grupos de idade, o que nos permite considerar o sexo e a idade condicionantes das opinións sobre a violencia de xénero na nosa contorna actualmente.

Palabras chave: violencia de xénero, muller, medidas, idade, sexo.

Abstract

In this work an analysis has been carried out on the perception that people have in relation to the support measures that currently exist for the victims of gender violence. The sample of population used for the study is 248 people of both sexes and different ages. The two items used are: Places that they believe would be targeted by women victims of gender violence and the effectiveness of measures to help them. The result shows differences in the opinions given between men and women and according to age groups. Therefore, sex and age are conditioning factors in the opinions regarding gender violence that currently exist in our environment.

Keywords: Gender violence, Women, Measures, Age, Sex.

1. Introducción

O concepto de violencia de xénero foi definido pola Organización das Nacións Unidas (ONU) no artigo 1 da Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller (Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos 1993) como «todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada».

Isto é, a violencia de xénero prodúcese cara ás mulleres polo feito de selo e busca un control sobre elas, e faíno con base nas desigualdades sociais existentes entre homes e mulleres, na discriminación histórica e a falta de dereitos que sempre caracterizaron as mulleres até os nosos días.

De acordo con Violante Martínez (2010, 200-205), as sociedades foron xerando unha serie de esquemas de xénero en que se establece unha estrutura organizada da economía, con homes e mulleres ocupando uns roles determinados en función das diferenzas entre eles e elas. A devandita estrutura, baseada en estereotipos de xénero —é dicir, na crenza de que hai actividades máis adecuadas para os homes ou trazos moi determinantes e distintivos entre ambos os sexos—, inflúe nos comportamentos e as decisións dos suxeitos, e é, por tanto, unha causa da violencia de xénero e da situación discriminatoria que sofren moitas mulleres na sociedade (López e López 2013, 301-311).

Con outras palabras, poderíamos dicir que as diversas sociedades asumiron desde a antigüidade un sistema patriarcal en que os homes eran superiores ás mulleres, por se considerar os primeiros como seres racionais e as segundas como seres emocionais. Este sistema patriarcal, aínda presente nas sociedades actuais, tende, con todo, a desaparecer a medida que se desenvolven as sociedades. O seu mantemento, que é o da diferenciación sexual e a violencia de xénero, foi posible polos costumes, as normas e as ideoloxías sociais que o encubriron, xa que a maior parte da violencia de xénero ten lugar nos fogares, mesmo se nunca estivo totalmente naturalizado.

Segundo Pilar Rodríguez e Huzefa Khalil (2013), precisamente o grao desenvolvemento da sociedade —da sociedade agraria á industrial e desta á postindustrial— é un elemento determinante á hora de entendermos os factores que poden xustificar a violencia de xénero nun momento histórico dado. Así, estas autoras sosteñen que as

sociedades agrarias toleran a violencia contra as mulleres máis que as postindustriais. Esta diferenza fundaméntase nos valores tradicionais que caracterizan as sociedades agrarias, en que a familia é moi importante e hai moi pouca transixencia cara a certos dereitos individuais das mulleres, como poden ser o dereito ao aborto ou ao divorcio.

Dito doutro xeito, a medida que se vai evolucionando desde as sociedades agrarias ás sociedades industriais e postindustriais, prodúcese unha maior liberalización dos valores e un cambio nos roles familiares e sexuais que aumenta a igualdade de xénero, pois a incorporación da muller ao traballo, e con iso, a súa autonomía financeira, aumenta a tolerancia cara aos seus dereitos individuais. En definitiva, prodúcese un cambio cultural que dá orixe a unha serie de movementos a prol da igualdade, tanto no campo social como no político, entre as novas xeracións.

Así mesmo, a explicación das actitudes sociais que sosteñen a violencia de xénero, culpan as vítimas e xustifican os agresores podemos atopala, segundo numerosos estudos (Valor-Segura, Expósito e Moya, 2011; Herrera, Expósito, Moya e Houston 2012), na ideoloxía, en concreto na ideoloxía de xénero e, dentro dela, no sexismo como factor que perpetúa este tipo de violencia.

O sexismo é descrito por Mari Carmen Herrera, Francisca Expósito, Miguel Moya e Diane Houston (2012) como a crenza de que os homes e as mulleres son diferentes e por iso ocupan distintas posicións na sociedade. Cando un home é sexista, pode que vexa os avances da súa parella na sociedade como un factor que ameaza o seu poder dentro da relación. Á súa vez, isto pode provocar que as mulleres repriman o seu comportamento para evitar que as súas parellas se sintan intimidadas e se volvan violentas, o cal reforza a desigualdade. Xa que logo, estas/es investigadoras/es xulgan que a causa da violencia de xénero non é o sexismo en si mesmo, senón a percepción da ameaza por parte das persoas que teñen esa ideoloxía.

Diversos estudos, entre eles o antes mencionado de Violante Martínez (2010), falan da existencia dun sexismo ambivalente, xa hostil, xa benévolo. O sexismo hostil considera as mulleres inferiores e entende que deben limitarse a unha serie de roles e comportamentos na familia e a sociedade. O sexismo benévolo, pola súa vez, pasa máis desapercibido pola súa asociación a un comportamento positivo cara ás mulleres, pois entende que estas necesitan protección e coidados por parte da súa parella; mais non deixa de supor, como vemos, unha diferenciación en función do sexo entre homes e mulleres. Este sexismo benévolo, que adoita ser máis común entre as mulleres no

mundo, ao contrario do que ocorre en España, pode ser mesmo máis prexudicial que o hostil polo seu agocharse detrás de boas intencións (Martínez 2010, 200-205).

Por último, cabe citarmos que outra ideoloxía que pode perpetuar a violencia doméstica é a da denominada «crenza dun mundo xusto». Os/as defensores/as desta ideoloxía consideran que as persoas reciben o que merecen, é dicir, culpan as vítimas da violencia da parella para poder defender a súa ideoloxía e soste que, mentres eles/as mesmos/as se comporten dunha forma adecuada, non correrán igual sorte.

A igualdade laboral é un importante medio na loita contra a violencia de xénero, para erradicala, e, asemade, un dos terreos máis conflictivos en canto á igualdade de xénero se refire, e non sen razón. De acordo cos datos do Instituto Nacional de Estatística (2019) non só a fenda de xénero segue a existir arestora no tocante aos salarios (é do 12-14%): a diferenza entre as porcentaxes de persoas empregadas segundo o sexo é dun 14% de media, coas maiores diferenzas no grupo de 55-64 anos e as menores no de 16-24 anos.

Así e todo, cómpre notarmos que en España leva producíndose unha redución desa diferenza nos últimos sete anos maior que a da media europea. Ademais, recentemente o Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación (BOE n.º 57, do 7 de marzo de 2019), veu obrigar as empresas con máis de 50 traballadores a implantar plans de igualdade e a rexistrar os salarios que pagan aos membros do seu cadro de persoal, o que sen dúbida contribuirá a paliar a fenda de xénero existente en España en materia salarial, que tan importantes desigualdades provoca.

Neste traballo realízase unha análise da percepción que a cidadanía ten das medidas de apoio que existen actualmente para as vítimas da violencia de xénero, en concreto, na parella, dentro do ámbito privado, é dicir, nas relacións íntimas entre homes e mulleres en que os homes usan a forza física de xeito deliberado como forma de manter o seu poder sobre as mulleres. Aínda que resulta case imposible contabilizar o número de mulleres que son maltratadas cada día polo seu noivo, marido ou ex-parella, un estudo recente da Organización Mundial da Saúde (2017) estima que case un terzo das mulleres sufriu algún tipo de violencia no marco da súa relación de parella ao longo da súa vida. Isto fai da violencia de xénero un problema de gran calado no ámbito mundial, xa que existe, mesmo se en diferentes medidas, en todas as sociedades e en todos os niveis educativos e económicos.


A violencia de xénero ten importantes repercusións, motivo polo que organismos tanto públicos como privados intentan establecer medidas que acaben con ela e ofrezan apoio ás vítimas e os grupos de risco. Falamos, en primeiro lugar, das súas consecuencias na saúde física e psicolóxica das mulleres que a sofren e a súa situación económica e social; e, secundariamente, dos seus custos en termos de maior gasto sanitario, actuacións policiais e do sistema xudicial, diminución da participación das mulleres no mercado laboral, redución da produtividade feminina etc.

No tocante á metodoloxía empregada, servímonos de fontes primarias e secundarias. As dificultades que atopamos á hora de conseguirmos os datos que nos interesaban conducíronnos a elaborar unha enquisa para coñecer as opinións da sociedade española, a partir dunha adaptación de diversos estudos científicos anteriores (Valor-Segura, Expósito e Moya 2011; Meil 2011; Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero 2016; Rodríguez e Khalil 2013) que recollese os diferentes aspectos da violencia de xénero tratados polos seus autores.

2. A violencia de xénero na parella en España e a Unión Europea

Neste apartado realizamos unha breve análise da situación actual en España en comparación coa media da UE-27 a través de diferentes figuras obtidas da enquisa sobre a violencia de xénero contra as mulleres da Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (European Union Agency for Fundamental Rights, FRA) (2014b). Se nos referimos á violencia de xénero unicamente no ámbito da parella, o seguinte mapa permítenos, cun simple golpe de vista, coñecer a situación actual tanto en Europa como en España, que figura entre os países cunha porcentaxe inferior de violencia de xénero, o que non significa que o problema perda importancia no noso país.

Figura 1. Violencia física, sexual ou psicolóxica por parte da parella desde os 15 anos



© FRA - All rights reserved - FRA gender-based violence against women survey dataset, 2012 | Yes | All : All

Fonte: Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2014b).

Na Táboa 1 móstrase un resumo dos resultados obtidos na enquisa da Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2014b).

Táboa 1. Comparativa España vs. UE-27

	Violencia física ou sexual por parte ou non da parella desde os 15 anos		Coñecemento das leis e as iniciativas políticas para prever a violencia doméstica		Coñecemento das leis e as iniciativas políticas para protexer as mulleres en caso de violencia		Viches ou escoitaches recentemente campañas contra a violencia contra as mulleres?	
	España	UE-27	España	UE-27	España	UE-27	España	UE-27
Si	22%	33%	59%	49%	69%	59%	83%	50%
Non	78%	67%	29%	36%	22%	28%	15%	48%
Non coñezo	—	—	12%	15%	9%	13%	1%	2%

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2014b).

Como mostra a Táboa 1, a porcentaxe de mulleres vítimas da violencia de xénero tanto de forma física como sexual ou psicolóxica por parte ou non da súa parella desde os 15 anos é notablemente inferior en España que na media europea. Canto á percepción da poboación das medidas de apoio ás vítimas da violencia de xénero existentes en España e en Europa, atopamos diferentes resultados. Como podemos apreciar, o coñecemento por parte da poboación española das medidas existentes para prever a violencia de xénero e protexer as mulleres vítimas é superior nun 10% ao da poboación europea. Ademais, a porcentaxe da poboación española que viu ou escoitou recentemente campañas contra a violencia de xénero é superior nun 33% á poboación europea.

A poboación española parece estar máis concienciada no tocante á violencia de xénero e ter un maior coñecemento das actuacións nesta materia –leis e iniciativas políticas– dos organismos e as institucións oficiais, o que pode explicar que España se encontre entre os países con menor índice de violencia de xénero da UE-27 (Fernández 2014). A situación en España é, se pode dicirse así, mellor que no conxunto europeo.

3. Medias medidas de apoio para evitar a exclusión das mulleres vítimas da violencia de xénero

Como notamos na introdución, a finalidade do noso estudo foi coñecer a valoración que a cidadanía fai das principais medidas de apoio ás mulleres vítimas da violencia de xénero, así como da efectividade destas medidas, con base nunha enquisa a unha

mostra poboacional que finalmente estivo conformada por 248 persoas de ambos os sexos e diversas idades. Así mesmo, perseguimos pescudar a existencia de grupos poboacionais con opinións diferentes respecto deste tema.

Táboa 2. Obxectivos do estudo

	Medidas de apoio	Efectividade
Xénero	Análise diferencial por sexo	Análise diferencial por sexo
Idade	Análise diferencial por grupos de idade	Análise diferencial por grupos de idade

Fonte: elaboración propia.

A comparativa entre sexos é, ao noso entender, interesante, xa que os homes son menos propensos a sufrir violencia de xénero e, xa que logo, poderían non vela como un problema tan grave como as mulleres. Ademais, son os principais agresores na violencia contra as mulleres, polo que poderían entender que o apoio institucional existente arestora é o necesario e que non son precisos cambios. A análise entre grupos de idade é tamén nos parece relevante, xa que non todos os grupos de idade terían por que ter as mesmas ideas acerca da violencia de xénero, dado que a súa educación non foi igual nin tampouco o contexto en que medraron.

No estudo tratouse de determinar a presenza de diferenzas significativas nas respostas dadas entre homes e mulleres e entre grupos de idade a través do contraste dunha serie de hipóteses. Para definir as hipóteses nulas, comezamos por establecer o seguinte grupo de preguntas relativas aos lugares aos cales poden acudir as mulleres vítimas da violencia de xénero:

- a) H_{SA0} = a opinión sobre se as mulleres saberían onde acudir para denunciar unha situación de violencia de xénero é igual entre homes e mulleres.
- b) H_{SA1} = a opinión sobre se as mulleres se dirixirían á Policía para denunciar unha situación de violencia de xénero é igual entre homes e mulleres.
- c) H_{SA2} = a opinión sobre se as mulleres se dirixirían á Garda Civil para denunciar unha situación de violencia de xénero é igual entre homes e mulleres.
- d) H_{SA3} = a opinión sobre se as mulleres se dirixirían aos xulgados para denunciar unha situación de violencia de xénero é igual entre homes e mulleres.
- e) H_{SA4} = a opinión sobre se as mulleres se dirixirían a asociacións de mulleres para denunciar unha situación de violencia de xénero é igual entre homes e mulleres.

f) H_{SA5}^0 = a opinión sobre se as mulleres se dirixirían a centros de atención a mulleres para denunciar unha situación de violencia de xénero é igual entre homes e mulleres.

g) H_{SA6}^0 = a opinión sobre se as mulleres se dirixirían ao teléfono xeral de atención ás vítimas para denunciar unha situación de violencia de xénero é igual entre homes e mulleres.

h) H_{SA7}^0 = a opinión sobre se as mulleres se dirixirían ao teléfono autonómico de atención ás vítimas para denunciar unha situación de violencia de xénero é igual entre homes e mulleres.

Canto ás hipóteses nulas relativas á efectividade das medidas de apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, foron as seguintes:

a) H_{MA}^0 = todas as persoas enquisadas consideran igual de efectivas as axudas económicas.

b) H_{MA1}^0 = todas as persoas enquisadas consideran igual de efectivas as facilidades no traballo.

c) H_{MA2}^0 = todas as persoas enquisadas consideran igual de efectivo o apoio psicolóxico.

d) H_{MA3}^0 = todas as persoas enquisadas consideran igual de efectivo o apoio xurídico.

e) H_{MA4}^0 = todas as persoas enquisadas consideran igual de efectivos os aloxamentos protexidos.

f) H_{MA5}^0 = todas as persoas enquisadas consideran igual de efectivo o teléfono de atención xeral ás vítimas (016).

g) H_{MA6}^0 = todas as persoas enquisadas consideran igual de efectiva a pulseira que controla o maltratador se tenta achegarse á vítima.

h) H_{MA7}^0 = todas as persoas enquisadas consideran igual de efectivo o teléfono de información xeral sobre a violencia de xénero.

i) H_{MA8}^0 = todas as persoas enquisadas consideran igual de efectivos os cursos e programas de rehabilitación de maltratadores.

Cando dicimos «todas as persoas enquisadas» referímonos a que non haberá diferenzas entre as respostas dadas por homes e mulleres ou entre os grupos de idade. As hipóteses alternativas corresponderon á existencia de diferenzas en función do sexo ou o grupo de idade en cada ítem.

Táboa 3. Análise dos resultados do estudo

	Medidas de apoio	Efectividade
Xénero	Diferenzas entre homes e mulleres	Diferenzas entre homes e mulleres
Idade	Diferenzas entre os grupos sen distincións	Diferenzas entre os grupos de idade máis novos e os máis maiores

Fonte: elaboración propia.

Por xénero, no caso da proba para coñecer se existían diferenzas estatisticamente significativas polo feito de pertencer a un ou outro sexo, levamos a cabo primeiramente o test de Levene, para continuar coa proba T de Student. Os resultados do test de Levene para a igualdade de varianzas indicou que debemos traballar baixo o suposto de varianzas heteroxéneas para aquelas hipóteses cun nivel de significación $< 0,05$: H_{SA1}^0 , H_{SA2}^0 , H_{MA}^0 , H_{MA2}^0 , H_{MA3}^0 e H_{MA4}^0 . Pola súa banda, na proba T de Student obtivéronse diferenzas estatisticamente significativas entre as respostas dadas por homes e por mulleres, cun nivel de significación $< 0,05$ nas hipóteses: H_{SA4}^0 , H_{SA5}^0 , H_{MA2}^0 , H_{MA4}^0 , H_{MA5}^0 e H_{MA7}^0 .

As respostas móstrannos que as persoas enquisadas consideran que as vítimas da violencia de xénero acudirán a un certo tipo ou outro de apoio institucional segundo sexan homes ou mulleres. É algo que se pon de manifesto particularmente no caso das hipóteses H_{SA4}^0 e H_{SA5}^0 , que fan referencia ás asociacións de mulleres e os centros de atención a mulleres, pois as mulleres opinan que as vítimas de violencia de xénero acudirán a estas entidades en maior medida que os homes. Isto pode deberse ao seu maior coñecemento das devanditas asociacións e os devanditos centros, xa que algunhas poderían ser vítimas ou coñecer vítimas na súa contorna próxima, así como pertencer a centros de axuda ás mulleres ou aloxamentos protexidos.

Se o que temos en conta é a efectividade das medidas para axudar ás vítimas da violencia de xénero, neste caso existen maiores diferenzas relacionadas co sexo da persoa enquisada, concretamente nas hipóteses H_{MA2}^0 , H_{MA4}^0 , H_{MA5}^0 e H_{MA7}^0 , relacionadas co apoio psicolóxico, os aloxamentos protexidos e o teléfono de atención xeral ás vítimas. Do mesmo xeito que antes, son as mulleres as que puntúan máis alto nestas opinións. De feito, en todas as hipóteses definidas as mulleres outorgan unha maior efectividade ás medidas presentadas que os homes. Ademais, para o caso das hipóteses nulas rexeitadas, as respostas dadas polas mulleres teñen unha menor variabilidade

que as dos homes, o que interpretamos como unha maior igualdade na percepción da efectividade das diferentes medidas por parte do sexo feminino.

A explicación pola que as mulleres valoran en maior medida a efectividade das medidas de apoio á vítimas non difire da antes dada: é máis probable que unha muller coñeza, se non o é ela en primeira persoa, vítimas da violencia de xénero. Isto faina, en moitas ocasións, estar en contacto coas medidas de apoio mencionadas e involucrarse para axudar as mulleres que sofren esta violencia.

Por grupos xeracionais, realizamos o test de Levene e a proba ANOVA, mais, neste caso, coa finalidade de identificar diferenzas estatisticamente significativas polo feito de pertencer a un intervalo de idade ou outro. Traballamos baixo o suposto da homoxeneidade de varianzas para todas as hipóteses excepto H_{MA8}^0 , xa que o test de Levene deu como resultado un nivel de significación $> 0,05$ para todas as demais hipóteses. No relativo á proba ANOVA, permitiunos rexeitar as hipóteses nulas H_{SA3}^0 , H_{SA7}^0 , H_{MA}^0 , H_{MA1}^0 e H_{MA4}^0 , cunha probabilidade dun 95%. Unha vez comprobado que existen diferenzas estatisticamente significativas para as hipóteses explicitadas examinouse os grupos de idade entre os cales aparecían, para o que se utilizou unha proba *post hoc*.

Para as hipóteses en que existen diferenzas non se rexeitou, cunha probabilidade do 95%, a hipótese nula da igualdade de varianzas, polo que o estatístico HSD Tukey empregado na análise *post hoc* tivo isto en consideración.

Se falamos dos lugares a que acudirán as mulleres vítimas da violencia de xénero, existen diferenzas significativas entre os diferentes grupos de idade para as hipóteses H_{SA3}^0 e H_{SA7}^0 , referentes aos xulgados e o teléfono autonómico de atención ás vítimas, respectivamente.

Para o primeiro caso, as únicas diferenzas atópanse entre as persoas de 22-24 anos e as de 31 e máis anos; son as máis maiores aquelas que consideran que as mulleres vítimas da violencia de xénero acudirán aos xulgados en maior medida. No segundo caso, as diferenzas atópanse entre as persoas de 18-21 anos e as de 25-30 anos; entre as de 22-24 anos e as de 25-30 anos; entre as de 25-30 anos e as de 31 e máis. Por tanto, comprobouse que son as respostas do grupo de idade de 25-30 anos as que se diferencian estatisticamente das respostas dos demais intervalos xeracionais. Estas persoas son, ademais, as que puntúan en todos os casos por debaixo dos demais grupos de idade. É dicir, o grupo de 25-30 anos considera que as mulleres vítimas da violencia

de xénero chamarán ao teléfono autonómico de atención ás vítimas en menor medida que o resto de grupos xeracionais.

Como no caso dos apoios institucionais a que acudirán as mulleres vítimas da violencia de xénero, procuramos localizar os grupos de idade entre os cales existen diferenzas no tocante á efectividade das medidas de apoio. As hipóteses para as que se atoparon diferenzas son $H_{MA}0$ e $H_{MAI}0$, sobre axudas económicas e facilidades no traballo, respectivamente.

Para a primeira hipótese son os grupos de 18-21 anos e de 22-24 anos os que se diferencian dos grupos máis maiores, de 25-30 anos e 31 e máis anos, pois estes últimos outorgan unha maior efectividade ás axudas económicas. Para a segunda, as diferenzas atopáronse entre o grupo máis mozo, de 18-21 anos, e o máis maior, de 31 e máis anos, que é o que valora en maior medida a efectividade das facilidades no traballo.

Canto á hipótese $H_{MA4}0$, aínda que a súa significatividade se sitúa por debaixo do 0,05 (0,048), o test *post hoc* non identifica entre que grupos están as diferenzas. Para encontralas habería que realizar un segundo test, mais por se tratar dun traballo preliminar consideramos que podería dificultar a análise. Por iso, como o nivel de significatividade está no límite do 0,05, xulgamos que non existen diferenzas nesta resposta.

Na análise ANOVA por grupos de idade pódenos chamar a atención que, polo xeral, os grupos que se diferencian adoitan ter grupos xeracionais intermedios. É dicir, diferénciase aqueles entre os que máis intervalo de idade existe. Isto pode deberse aos cambios na sociedade e nas ideoloxías, así como na educación recibida en cada período. Ademais, exceptuando as diferenzas existentes en relación coa hipótese $H_{SA7}0$, son os grupos de maior idade os que puntúan por encima dos grupos menores. Isto pode deberse a unha experiencia, unha concienciación e un coñecemento maiores, que, en moitos casos, non está presente entre a xente máis moza, precisamente polo feito de que non tivo que afrontar moitas situacións que os grupos xeracionais máis vellos viviron.

As diferenzas existentes entre os grupos de idades son inferiores ás existentes entre homes e mulleres. Isto pode deberse á repartición nos diferentes grupos das persoas que teñen unha maior probabilidade de sufrir a violencia de xénero en primeira persoa ou coñecela na súa contorna, isto é, as mulleres.

Para rematarmos, non queremos deixar de notar que o noso estudo contou cunha serie de limitacións relativas á fonte de datos que é importante ter en conta á hora de valoralo. A mostra de persoas enquisadas é de ámbito nacional, mais, como difusión da enquisa tivo lugar de forma aleatoria, non podemos afirmar que todas as comunidades autónomas estean representadas nin que, as que o están, teñan unha representación equiparable.

Doutra banda, en relación co traballo estatístico, sería conveniente realizar unha segunda análise *post hoc* que nos permitise corroborar os resultados da primeira. Xeralmente, os resultados destas análises adoitan coincidir, pero é posible que existan hipóteses para as cales un estatístico non detecte as diferenzas entre grupos, como aconteceu no noso caso, por contar cun nivel de significación moi próximo ao 0,05.

4. Conclusións

Primeira. Este traballo quixo poñer en valor a preocupación que hoxe existe por erradicar a violencia de xénero entre as persoas enquisadas, para lograr unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Segunda. No estudo puidemos concluír que o problema da violencia de xénero é percibido de forma diferente por homes e mulleres, en termos xerais. Isto é moi importante, xa que as súas posicións son claramente contrapostas no ámbito da violencia de xénero: mentres que as mulleres son un grupo de risco, son os homes, de forma xeral, os agresores, neste tipo de violencia.

Terceira. No estudo puidemos comprobar que a idade tamén é relevante á hora de valorar a violencia de xénero. Consideramos que estas diferenzas poden ter a súa orixe na desigual formación e información recibida por cada xeración.

Cuarta. As medidas e políticas institucionais, así como a efectividade destas, son máis valoradas polas mulleres que polos homes. Isto pode ser debido a que as mulleres son máis propensas a sufrir a violencia de xénero. As mulleres teñen, por tanto, maior coñecemento deste problema e da importancia do apoio institucional ás vítimas. A idade tamén ten grande influencia nas opinións a este respecto, pois segundo aumenta tamén medra a valoración das medidas de apoio ás vítimas.

Referencias bibliográficas

- Abramo, Láis. 2003. «Costos laborales de hombres y mujeres en países de América Latina: mitos y realidad». Organización Internacional do Traballo. <https://bit.ly/2NLUtdg> (Acceso en abril de 2019).
- Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. 2014a. «Towards a European survey en gender based violence». *News* 05/04/2019. <https://bit.ly/343NFRR> (Acceso en abril de 2019).
- Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. 2014b. *Violence against women: an EU-wide survey. Main results*. Luxemburgo: Oficina de Publicacións da Unión Europea. <https://bit.ly/2Tfz4Qm> (Acceso en abril de 2019).
- Ballester, Inmaculada; De la Campa, Rosa Mary e Castaños, Amaia. 2014. «La formación mínima de la gente de mar y la exigible incorporación del Convenio STCW enmendado por la Conferencia de Manila y las directivas del STCW al ordenamiento español». En *La seguridad marítima y los derechos laborales de la gente de mar*, coordinado por Olga Fotinopoulou, 421-486. Bilbao: Gomylex.
- Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero. 2016. *Macroencuesta de violencia contra la mujer 2015. Avance de resultados*. Madrid: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. <https://bit.ly/2Zr0aHE> (Acceso en maio de 2019).
- Fernández, Óscar. 2014. «Violencia de género y exclusion social. Resultados de investigación y actividad profesional». En *Mujeres en riesgo de exclusión social y violencia de género*, coordinado por Óscar Fernández, 15-31. León: Universidade de León.
- Herrera, Mari Carmen; Expósito, Francisca; Moya, Miguel e Houston, Diane. 2012. «“Having it all”: Women’s perception of impact of female promotion on threat of domestic violence». *The Spanish Journal of Psychology* 15, n.º 2: 670-679.
- Instituto Nacional de Estadística. 2019. «Mujeres y hombres en España». <https://bit.ly/1gPhryu> (Acceso en maio de 2019).
- López, Asunción e López, José. 2013. «El impacto de las políticas de protección de la violencia de género sobre el empleo». En *Políticas de empleo*, coordinado por Jaime Cabeza e Francisca Fernandez, 299-313. Cizur Menor: Aranzadi.
- Martínez, Violante. 2010. «Violencia de Género». En *Intervención social y género*, coordinado por Luis Vicente Amador e Carmen Monreal-Gimeno, 187-220. Madrid: Narcea.
- Meil, Gerardo. 2011. *Análisis sobre la macroencuesta de violencia de género 2011*. Madrid: Ministerio de Sanidad, Servizos Sociales e Igualdade. <https://bit.ly/2vuKna1> (Acceso en maio de 2019).

Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade. 2019. Web de recursos de apoio e prevención ante casos de violencia de xénero (WRAP). <https://bit.ly/33YwkJR> (Acceso en maio de 2019).

Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos. 1993. Resolución da Asemblea Xeral 48/104, do 20 de decembro de 1993. Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. A/RES/48/104. <https://bit.ly/2Ks29jq> (Acceso en maio de 2019).

Organización Mundial da Saúde. 2017. «Violencia contra la mujer. Datos y cifras». <https://bit.ly/2EnFqFN> (Acceso en maio de 2019).

Rodríguez, Pilar e Khalil, Huzefa. 2013. «Battery and development: Exploring the link between intimate partner violence and modernization». *Cross-Cultural Research* 47, n.º 3: 231-267.

Valor-Segura, Inmaculada; Expósito, Francisca e Moya, Migel. 2011. «Victim blaming and exoneration of the perpetrator in domestic violence: The role of beliefs in a just world and ambivalent sexism». *The Spanish Journal of Psychology* 14, n.º1: 195-206.

Varela, Nuria. 2005. *Feminismo para principiantes*. Barcelona: Ediciones B.